


DE VIAXE POLO TEMPO ENTREN

A LIÑA DO FERROCARRIL
OURENSE-VIGO

2. O MEDIO XEOGRÁFICO

2.1. INTRODUCCIÓN

Na provincia de Pontevedra, deixando o val do Miño en dirección Vigo, atópase O Porriño. Este concello está situado no Val da Louriña. Por esta val discorre o río Louro que atravesa o Concello do Porriño de norte a sur e aporta humidade, sendo a orixe de persistentes néboas. A superficie de Concello é de 61, 31 quilómetros cadrados. A súa situación xeográfica favorece a presenza de boas comunicacións. Dende a inauguración en 1881 da liña do ferrocarril Ourense – Vigo a vila do Porriño conta con comunicación ferroviaria. Ademais do ferrocarril, na actualidade o concello está atravesado pola autovía das Rías Baixa (A-52) que enlaza coa Meseta e a autovía Vigo a Tui que comunica con Portugal. As boas comunicacións e a tradición histórica dos Polos de Desenvolvemento fixo que O Porriño se fora constituíndo nun dos foco industriais máis destacado da Mancomunidade de Vigo.



(Fonte: Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV))

O Porriño confina o seu termo Municipal cos seguintes Municipios:

Norte		Leste		Sur	Oeste
Mos	Vigo	Salceda de Caselas	Ponteareas	Tui	Gondomar

Como é característico de Galicia o Concello divídese en parroquias, espacio singular de organización do territorio e de relación social. As parroquias que configuran o Concello son:

O P O R R I Ñ O		
Parroquias	Extensión (Km2)	Lugares.
Porriño (núcleo urbano)	2,5	10
Atios	9,3	17
Torneiros	3,1	8
Budiño	15	25
Cans	5	8
Chenlo	10	17
Mosende	14	14
Pontellas	10	15

C O N C E L L O D O P O R R I Ñ O			
SUPERFICIE	DISTANCIA PONTEVEDRA	DISTANCIA PORTUGAL	HABITANTES
61,31 km ²	36 Km.	15 Km.	16.982 (2001)



2.2. R e l i e v o

Galicia está incluída na coñecida como Iberia Silíceea. A súa formación xeolóxica correspóndese coa Era Primaria ou Paleozoica (600- 225 millóns de anos). Nesta era tivo lugar pregamento herciniano, que deu como resultado a formación de montañas que co paso dos séculos se foron erosionando, constituíndo hoxe esas formas suaves e redondeadas da paisaxe galega. A Era Secundaria supuxo un período longo de calma oroxénica, de xeito que as montañas elevadas na era anterior erosionáronse. O territorio está formado por granitos na Galicia occidental e rochas metamórficas, como xistos, lousas, cuarcitas, etc., na zona oriental.

Na Era Terciaria a presión derivada do pregamento Alpino actuou sobre o antigo sistema de fallas e fracturas hercinianas, favorecendo que algunhas terras se elevaran (horts) e outras se afundiran formando fosas tectónicas ou graben. Como resultado apareceu unha complexa sucesión de serras, vales encaixados e pequenas depresións tectónicas, que ten a súa expresión máis característica nas rías.



O Concello do Porriño atópase nun val rodeado de montañas erosionadas, presentando formas moi particulares, marcadas pola presenza de grandes “penedos”

graníticos . As rochas máis abundantes son o granito, rocha magmática plutónica, a cuarcita e as lousas, todas elas formadas nesa Era primaria á que pertence o seu relevo. Tamén existe a presenza de materiais sedimentarios, como margas, gneis, xistos e outros elementos que proceden da erosión das rocas duras e que debido a forza das augas, o vento, e a propia acción antrópica vanse acumulando nos estratos máis superficiais do solo.

O granito é ao Porriño como o Nilo é a Exipto, diría un recoñecido escritor. Esta nobre pedra é un dos símbolos da vila. A súa abundancia define a paisaxe característica da vila e de do val da Louriña. Na superficie, por efecto da erosión, adopta gran variedade de formas, como pedras cabaleiras, caos de bolas, torres ou domos, etc. A súas variedades rosas e gris, hoxe de sona internacional, xeran unha riqueza mineira de primeira orde.

O val do Louro instálase aproveitando a gran fractura que recorre Galicia de Norte a Sur e a súa conca está delimitada polas alturas graníticas o Este e Nordeste da Pena Corucho (450m.) e o Faro de Budiño (396m.). O oeste, a Serra do Galiñeiro (700 m. de cota máxima). A poucos quilómetros do casco urbano atópanse os picos do monte Faro e O Castro.

O val que empraza a parroquia de Cans está demarcado polos montes de A Risca e o monte do Castelo, masa granítica coroada pola composición pétrea coñecida popularmente como O piano de Beethoven.

Síntese do relevo por parroquias					
Atios	Chenlo	Mosende	Budiño	Cans	O Porriño
-Relevo accidentado.	-Montañosa	-Monte Castro	- Canteiras	- A Graña	-Núcleo urbano
-Monte Faro	-Miradoiro:		- Monte Faro		-Monte da Risca
-Canteiras	Os Cabreiros				

2. 3. Climatoloxía

Para facer un primeiro achegamento ao clima desta área, debemos ter presente que as características climatolóxicas de todo o conxunto galego son moi similares con matizacións que o caracterizan. De forma xeral pódese dicir que a zona do Porriño está baixo a influencia do clima Atlántico ou Oceánico, perfectamente definido nas áreas litorais e degradado progresivamente cara o interior.

Os principais trazos climáticos que lle corresponden á situación concreta desta área vense marcados polo océano, responsable de atenuar as variacións térmicas estacionais e diúrnas, e favorecer as precipitacións abundantes a través dos ventos do oeste. Esta influencia nótase máis cara á costa e vai diminuíndo cara ao interior.

A temperatura media é suave (13 -14° C). No inverno non adoita haber valores demasiado baixos, a presenza da xeadas é esporádica e a oscilación térmica anual (diferencia de temperatura entre o mes máis frío do ano e o máis cálido) é reducida, atopándose entre 10 – 12° C. A insolación é menor que a media peninsular.

O réxime pluviométrico é simple, cun máximo absoluto no inverno e un mínimo no verán. A distribución da chuva prolóngase no tempo, pois hai un número elevado de días de chuva (máis de 120 días ao ano). A época seca céntrase no verán, cuns valores que oscilan entre 200 mm. de déficit hídrico das áreas máis húmidas e os máis de 400 mm. das zonas máis secas. A humidade atmosférica é alta, como se pode deducir dos elevados valores relativos que se rexistran nesta zona (70-80%).

O Baixo Miño (extremo sudoeste de Galicia) presenta as mesmas características que lle afectan a toda Galicia, matizadas pola influencia do mar. E preciso ter en conta unha serie de factores:

- Factores DINÁMICOS :
 - Orientación cara o oeste.
- Factores XEOGRÁFICOS:
 - Disposición do relevo en aliñacións case paralelas a costa, que fai de pantalla pluviométrica o deter o vento do oeste, portador de chuva
 - Proximidade do mar que exerce de regulador do clima, isto produce que o inverno sexa un pouco máis duradeiro cara o interior

Non só a disposición no sueste de Galicia impón unha serie de caracteres típicos, senón que tamén inflúe o relevo, a proximidade do mar, a altitude e, sobre todo, o Miño no seu tramo de contacto co océano, xa que é o elemento que mellor o define.

2.3.1. As temperaturas

Hai que destacar que as medias das máximas non acadan valores excesivos; as temperaturas máis altas conséguense habitualmente no mes de xullo. O mes máis frío é xaneiro. A temperatura media anual é de 14° C. Respecto a amplitude térmica media é de 12,3° C. Se observamos as temperaturas medias mínimas, O Porriño ten 9,2°C, descenso que se incrementa cara ao interior. Os valores mínimos corresponde ao inverno (decembro, xaneiro, febreiro). A temperatura mínima obtense en xaneiro con 3,6°C. Respecto a temperatura media máxima corresponde ao verán cunha media de 18,9° C. Se falamos de temperaturas mínimas absolutas, o Porriño presenta 3° C.

As temperaturas máximas absolutas ao longo do ano toman valores de máis ou menos 26° C.

2.3.2. As precipitacións

Outro do elemento que hai que ter en conta á hora de analizar o clima desta área son as precipitacións, que teñen unha característica común en toda Galicia: a abundancia e persistencia das mesmas. O volume anual é elevado, pois sitúase dentro da isohieta dos 1500mm.

A presenza da choiva vese favorecida polo efecto que produce a chegada das perturbacións procedentes do oeste. A pesar da abundancia, existe un contraste bastante claro entre o verán, dado que o mínimo anual coincide co mes de xullo e o inverno que é a época máis chuviosa, concretamente decembro e xaneiro. As estacións equinocciais, outono e primavera, concentran en conxunto algo máis do 50% dos totais pluviométricos.

Ligado ás precipitacións está a nubosidade, xa que para que aquelas se produzan precísase unha rexeneración continua da nube por movementos de ascenso das masas de aire, movementos que se poden producir por causas diferentes. A nubosidade obsérvase medindo o número de días co ceo cuberto ou de días co ceo despexado que aparecen ao longo do ano.

A precipitación global, ou a media de chuvia que cae ao ano, é elevada e sitúase por riba dos 1000 mm. A medida que as perturbacións van encontrando obstáculos xeográficos, prodúcese a descarga das precipitacións, que son de maior ou menor importancia en función da súa localización con respecto aos ventos que as transportan. No Porriño a precipitación global é de 1715 mm.

Tomando como base a estacionalidade e tendo en conta o que se comentou, observase que o máximo de precipitacións prodúcese na época invernal, con valores próximos ao 40%. Estes valores contrastan cos que se producen durante a estación estival, pois nela a penas supera o 10 % da precipitación anual.

2.3.3. Tipos de tempo

As características comentadas son produto de determinadas situacións atmosféricas que actúan ao longo de todo o ano. Estas situacións dependen dos centros de acción que regulan o ritmo climático da fachada atlántica da Europa occidental, onde se sitúa esta área de estudio. Estes centros de acción son:

- **Anticiclón das Azores:** Centro de altas presións situado sobre o océano Atlántico. No verán alcanza o seu límite cara ao norte, de forma que o baixo Miño recibe a súa influencia, e no inverno descende a latitudes máis baixas e por iso a súa influencia non é tan frecuente.
- **Depresión de Islandia:** Centro de baixas presións de carácter frío, debido a súa situación permanente sobre Islandia.

Cando se produce un choque entre estas dúas masas de aire créase a denominada fronte polar, unha fronte que oscila estacionalmente ao longo do ano de sur a norte e viceversa, e afecta en menor ou maior medida segundo sexa a súa posición. O longo da fronte polar pódense formar perturbacións (fenómenos ondulatorios que se producen ao entrar en contacto masas distintas) que non permanecen inmóbiles e que se acompañan de situacións atmosféricas inestables.

Cando domina o anticiclón das Azores o tempo é despexado e cálido mentres que se o predominio é das borrascas ligadas á fronte polar o tempo pasa a ser inestable ou

incluso chuvioso. A sucesión de distintos tipos de tempo sobre áreas concretas é o que orixina os climas e os seus variados matices.

Situación ciclónica do sudoeste

- Situación típica de inverno
- En menos medida nos equinoccios
- Ocasionalmente aparece no verán
- Caracterizada pola abundancia de nubosidade e de precipitacións
- Temperaturas suaves
- Chuvias persistentes

Situación ciclónica do oeste


- Situación típica do inverno
- Mal tempo xeneralizado
- Nubes e chuva constantes
- Temperaturas suaves

Situación ciclónica do norte

- Se a procedencia é o noroeste as temperaturas son suaves e as precipitación abundantes
- Se a procedencia é do nordeste o tempo é frío e húmido

Valores das precipitacións e das temperaturas mensuais do Porriño do 1999

	Ener	Febr	Marz	Abri	Maio	Xuñ	Xull	Ago	Sep	Out	Nov	Dec	Total
T°C	8,5	9,4	11,7	13,5	15,7	19,1	21,5	21,2	19,2	16	11,3	8,7	14,6
Pmm	201	178	163	103	120	52	29	42	88	138	188	183	1485



2.3.4. Vexetación

A auga é un elemento esencial en tódolos ecosistemas naturais e tamén para un gran número de actividades humanas. Os recursos hídricos proceden fundamentalmente dos ríos, e en menor medida dos lagos e acuíferos. Os recursos hídricos, están condicionados por unha gran variedade de factores físicos e humanos como son:

- 1- O Clima
- 2- O relevo
- 3- A topografía
- 4- A litoloxía
- 5- A vexetación
- 6- Os seres humanos

O solo é a capa superficial da cortiza terrestre. Componse de elementos nos tres estados. Os elementos sólidos son as partículas minerais procedentes da erosión das rochas e da materia orgánica de orixe vexetal ou animal, como raíces de plantas, fungos, bacterias, vermes, insectos, etc., tanto vivos como en descomposición. Tamén contén elementos líquidos e gasosos

A vexetación ou flora é o conxunto de especies vexetais dun territorio. Na terra existen grandes conxuntos florísticos, denominados reinos florais, que se subdividen en rexións. As formacións vexetais son grupos de vexetación individualizada polo seu tamaño e pola súa fisionomía. Os tres tipos básicos son:

- O bosque caducifolio
- A matogueira (breixos, toxos, xestas)
- O prado

Pódese tratar de formacións *clímax* ou formacións *secundarias*.

Gran parte da riqueza forestal autóctona do Porriño está determinada por especies como: salgueiros, bidueiros, pinos, eucaliptos, carballos, castaños, acacias e fentos.

Os incendios forestais son unha gran preocupación no medio rural, xa que destrúen unha gran riqueza, danan o medio ambiente e poden chegar a alcanzar as facendas das vilas e aldeas. Os montes son unha importante riqueza, tanto polo aproveitamento da madeira, como polos beneficios ecolóxicos que proporcionan. Concretamente no monte da Risca atópanse piñeiros e eucaliptos que o non ser especies autóctonas empobrecen o solo e arden con máis facilidade en caso de incendio polo que foi criticada a repoboación con estas especies.

Nos montes do Porriño tamén hai unha gran variedade de setas. Na actualidade gracias as agrupacións micolóxicas existentes que se encargan de fomentar o consumo e a necesidade de recoñecer as diversas variedades que se atopan. Hoxe en día no outono as setas forman parte da dieta de moitas familias.

Síntese das variantes da vexetación no Concello do Porriño

GÁNDARAS OU BRAÑAS

- Zona de Budiño
- Vexetación tuberiforme
- Predomina o musgo do tipo Sphagnum

SALGUEIROS

- Ribeiras fluviais

CARBALLOS

- Altos de cortiza escura e resquebraxa
- Follas grandes que caen en outono
- Non soportan ben o calor
- Crecemento lento
- Longa vida
- Froito e a landra.

SOTOBOSQUE

- Musgo, debido a humidade e o sombrío dos bosques
- Matogueiras (breixo, xesta, toxo)

MASAS DE REPOBOACIÓN

- Política para o desenvolvemento dos montes para protexelos

2.4. Hidrografía

A principal rede hidrográfica é o río Louro, que recibe auga dos pequenos regatos que en época estival reducen considerablemente o seu caudal. O río Louro, percorre a fosa tectónica de norte a sur, na conca terciaria do Porriño- Tui, para verter as súas augas no río Miño.

Os humedais comprenden as áreas pantanosas, as turbeiras ou superficies cubertas de auga, naturais ou artificiais, permanentes ou temporais, con auga estancada ou corrente, xa sexa doce, salobre ou salgada. Estas extensións de terreo cuberto polas augas pouco profundas, poden chegar a desaparecer durante o período da seca.

Os acuíferos son embolsamentos de auga subterránea que se forman cando as augas de precipitación se infiltran e atopan un estrato impermeable e se acumulan sobre el. Poden descargar as augas a través de ríos, en mananciais ou directamente no mar.

A s G á n d a r a s d e B u d i ñ o


▪ Chan formada pola conca do río Louro.	▪ Constitúe unha ampla depresión, cunha altitude media de 30m.	▪ Zona recuberta por brezos	▪ O complexo lagoa-bosque consiste unha banda de 2 Km. de lonxitude por 200-600 m. de anchura.	▪ Labirinto de regatos pozas, charcas e lagoas.	▪ En inverno e primavera as augas invaden todo o solo converténdose nun só complexo palustre-forestal.	▪ Importante flora e fauna
▪ Pertence a cinco parroquias de tres municipios	▪ Encaixada entre a serra do Galiñeiro, ao oeste e o Faro de Budiño ao leste.	▪ Substrato axiloso de aí o nome de Gándara		▪ O río actúa como drenaxe.	▪ Medidas de Repoboación	

Parte deste espacio hoxe con árbores foi obxecto de cultivo hasta épocas recentes, pero o abandono a que se ve sometido o medio rural está posibilitando unha rápida recuperación natural. Recentemente fixéronse repoboacións das zonas deforestadas do

entorno da lagoa para conseguir unha cobertura vexetal que o ille do seu agresivo entorno industrial.

2.5. Trazos humanos


Contrastando o número de nacementos e os de defuncións dende o ano 1990 ao 2001 no concello do Porriño o crecemento vexetativo resulta positivo, xa que o número de nacementos supera ao número de defuncións.



O número de nacementos decrece co paso dos anos, e salientable o número de nacementos no ano 1992 onde se chega aos 200 mentres que no 2001 o número de nacementos foi de 120.

Respecto ás defuncións os anos nos que se produciron máis foron 1990, 1995 e 2001, aínda que en ningún caso superan os 65 mortos. Da análise da pirámide de idades despréndese que a maioría da poboación ten entre 15 e 44 anos, o que nos indica que é unha poboación nova, onde as mulleres superan en 602 aos homes. Estes últimos superan en número ás mulleres nos tramos entre 10 e 14 anos, entre 15 e 19 anos, entre 35 e 39 anos,

entre 40 e 44 anos e entre 50 e 54 anos. As mulleres superan en número aos homes nos restantes tramos. Destaca a presenza de dúas mulleres que superan a idade de 99 anos fronte a ningún home. En números xerais rexístranse 8192 homes, o que representa un 48,24% do total, mentres que o número de mulleres ascende a 8790 o que representa o 51,76%. (Datos obtidos da oficina do censo do Concello do Porriño dende 31 de xullo de 1992 ao 5 de novembro do 2001)




(Fonte: Mancomunidade da A. I. de Vigo)

O Porriño: evolución da poboación en comparación cos concellos veciños de Salceda e Salvaterra.

ANOS	O PORRIÑO	SALCEDA	SALVATERRA
1960	9128	4737	9266
1970	10044	5036	8093
1981	13517	5618	8675
1986	14713	5787	8759
1991	15093	5696	8252
1996	15749	6074	8778
1998	15812	6009	8589
Crecemento			
1998-1960	6684	1272	-677

(Fonte: Instituto Galego de Estatística)

Evolución da poboación no sueste da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.



(Fonte:

Mancomunidade de Vigo)

2.6. Trazos económicos

O progreso económico do Poriño ten a súa xustificación en varias motivos:

- 1- Situación estratéxica, nun cruce natural de camiños.
- 2- Boas comunicacións, por ferrocarril, autoestrada, barco e avión.
- 3- Configuración do seu territorio
- 4- Fertilidade das súas terras
- 5- Tradición industrial, nacida coa presenza do ferrocarril e consolidada na década de 1960 coa creación do "Polo de Desenvolvemento".
- 6- Asentamento de Polígonos industriais
- 7- Fomento das industrias relacionadas coas canteiras e coa calidade do granito.

Pódese dicir, que dentro dos sectores económicos é o secundario, a industria a máis importante. Nos polígonos industriais das Gándaras de Budiño e da Granxa están asentadas máis de medio millar de empresas.

O vello polígono das Gándaras ten unha superficie de 2.147.467 m² (Superficie industrial: 1.012.227 m²; superficie comercial 35.400 m²) O novo polígono da Granxa, promovido pola Zona Franca de Vigo dispón dunha superficie de 933. 149 m² (Superficie industrial: 517.423 m² ; superficie comercial 23.160. m²)

O polígono A Granxa conta con zonas de uso industrial, zonas verdes e de servizos, equipamento deportivo, comercial e social. A zona industrial foi dividida en 251 parcelas, con posibilidade de agrupación. Este sistema permite dividir o terreo en zonas de parcelación distinta. En primeiro lugar hai unha zona de industria nido-adosada, que reúne 97 parcelas cunha superficie que vai dende os 400 ao 1000 m².

En segundo lugar atópase a industria lixeira-pesada, cun total de 97 parcelas de entre 1000 e 3000 m². En terceiro lugar a industria illada con 57 parcelas de máis de 3000 m². En último lugar a edificabilidade media do solo que é dun 62 %, o que representa unha superficie edificable total de 312.000 m².

As boas comunicacións favorecen o asentamento das industrias. Un total de 138.519 m² representa a superficie que o sistema viario ocupa. Dous son os principais viais de acceso, o vial directo dende a autovía Vigo- Portugal de 21 m. de ancho e outros viais xerais de 18 m. con zonas de aparcamentos e beirarrúas.

Outros servizos como auga, enerxía e telecomunicacións están perfectamente canalizadas por unha rede de galerías. O servizo de auga divídese en tres subgrupos con distintas funcións. Un primeiro grupo o forma a rede de auga potable con cinco pozos



proprios e depósito regulado de 2500 m³. de capacidade. O segundo grupo o forman as augas destinadas para o rego. O terceiro destínase ás reservas de auga do sistema contra incendios.

A Enerxía: Existe unha rede de abastecemento eléctrico, de media e baixa tensión imprescindible para o funcionamento da maquinaria, luz, calefacción, etc. As telecomunicacións: A rede telefónica é a fibra óptica conforman o equipamento do polígono. Ao ser de nova creación o polígono A Granxa adoptou moitos sistemas de protección do entorno. Conta cun sistema de depuración de augas residuais vertidas polas industrias. Conta tamén cunha depuradora, cun colector, cunha estación potabilizadora e cunha rede de recollida e drenaxe de augas pluviais.

Existen ademais zonas verdes que fan o lugar agradable e serven de refuxio a distintas especies de animais. Hai tres lagoas sobre as que se desenvolve un programa de recuperación ecolóxica. Posúe unha importante zona reservada ao ocio. Un espacio deportivo que conta con 20261 m² de superficie. Comprende un campo de fútbol, unha pista de atletismo, dúas pistas de tenis, unha pista polivalente (voleibol, bádminton, tenis, baloncesto, etc.), unha pista hexagonal para practicar a escalada, unha pista de footing, ademais de vestiarios, cafetería, e aparcamento de vehículos. As zonas comerciais e sociais tamén teñen importancia no polígono cunha capacidade de 36.413 m. cadrados. A zona destinada a hostalería, comercio, oficinas e servizos e empresas encontrase na actualidade pouco edificada.

Situación e vías de comunicación dos polígonos industriais.

DISTANCIAS	COMUNICACIÓNS
18 Km. De Vigo 10 Km. De Portugal 14 Km. Aeroporto de Peinador	Autoestrada do Atlántico Autovía a Portugal Autovía das Rías Baixas Ferrocarri Aeroporto de Peinador Porto de Vigo

Indicadores socioeconómicos do Porriño

▪ Nivel Económico	3
▪ Cota Mercado	42
▪ Índice Turístico	14
▪ Teléfonos	5478
▪ Automóbiles	6778
▪ Actividades empresariais	347
▪ Comerciantes por xunto	95
▪ Comerciantes polo miúdo	317
▪ Bares	137
▪ Oficinas Bancarias	18
▪ Camións e furgonetas	1529
▪ Indic. actividades económicas.	58

O Porriño destaca por ter unha participación alta de empresas pertencentes ao sector industrial, situándose no 35 % a razón e a instalación na zona de dous polígonos: A Granxa e As Gándaras.

Tipos de industrias

- Industrias frigoríficas.
- Agroalimentarias
- Automóvil
- Farmacéuticas
- Químicas
- De impresión
- Cerámicas
- Construcción
- Maquinaria
- De embalaxe

Diferencias dos diversos tipos de granito, a materia prima máis importante.

ROSA PORRIÑO	ROSA MONDARIZ	GRIS MONDARIZ
▪ Color rosáceo ▪ Grao medio ou groso ▪ Compacta e de fractura regular ▪ Pódense extraer grandes bloques ▪ Uniformidade na tonalidade ▪ Admite calquera tipo de acabado	▪ Color gris rosáceo ▪ Tamaño de gran groso ▪ Compacto e de fractura irregular ▪ Extráense bloques de gran tamaño ▪ O tamaño dos grans oscila 20-30 mm. ▪ Admite calquera tipo de acabado ▪ Pódese utilizar en interiores ou exteriores	▪ Roca de color gris ▪ Gran medio e groso ▪ Compacta de fractura irregular ▪ Extracción pódese facer en grandes bloques ▪ Graodiorita con megacristais ▪ Pode ter algunha variedade de tonalidade. ▪ Admite calquera acabado ▪ Pódese utilizar en interior e exteriores

A actual tecnoloxía de elaboración e transformación permite a fabricación dunha gran gama de produtos graníticos capaces de atender calquera esixencia do mercado. O ciclo de tratamento do granito en fábricas pasa polas seguintes etapas: serrado do bloque en taboleiros, tratamento da superficie dos mesmos e corte e serrado das pezas finais.

O serrado dos bloques efectúase mediante un tear multilamas, que utiliza como abrasivo granalla. Coa finalidade de optimizar o proceso úsanse sistemas de teares verticais de flexes diamantados. O grosor dos taboleiros adaptase ás esixencias do mercado. O tratamento máis frecuente é o pulido que permite obter superficies lisas, planas e brillantes, empregando para todo o proceso moas abrasivas de gran poder. Os mellores resultados obtéñense con máquinas de varias cabezas de movementos de rotación e translación pendular sobre bancos fixos.

A explotación dunha canteira está relacionado con un conxunto de aspectos como o coñecemento do xacemento, un método racional de explotación, técnicas de promoción adecuadas e comercialización eficaz. Ademais débese ter en conta as condicións de

acceso, as distancias dos servizos técnicos, centros de elaboración, existencia de auga, electricidade, etc. As características estruturais determinan a orientación máis idónea da fronte, modo de apertura da canteira, o tamaño do bloque natural extraíble, factores a ter en conta para a explotación. Así mesmo, o emprazamento da canteira e a súa orientación da fronte condicionará a execución de grandes obras relacionadas co desmonte do recubrimento, o emprazamento da construción de instalacións técnicas centralizadas de enerxía e aire comprimido. Un problema o que se debe prestar moita atención é a instalación dos estériles, co obxecto de evitar a alteración do medio físico.

Na actualidade debido o amplo abano de acabados que ofrece a industria elaboradora, o granito mostra unha ampla variedade de posibilidades na construción, sendo utilizado nos edificios máis modernos de todo o mundo e contribuíndo non só ao embelecemento senón ao aumento da calidade dos mesmos.

Agricultura e gandería.

Tanto a agricultura como a gandería no Porriño non están desenvolvidas economicamente. Os usos son aproveitamentos individuais asociado aos pastos dos montes. No caso agricultura permanece o uso tradicional, co aproveitamento de pequenas leiras familiares de autoconsumo. Na gandería aparece tamén algunha familia que coida algún animal para o autoconsumo. Teñen certa importancia as árbores froiteiras

Servizos.


O Porriño presenta unha capacidade hoteleira de catro hoteis cunha totalidade de 248 prazas, cinco hostais con 76 prazas en total e 11 establecementos de outras categorías que suman 96 prazas máis.

Neste concello a capacidade de ocupación hostaleira non é moi elevada, posto que estamos a falar dunha zona máis ben de tránsito. Sen embargo atópanse espazos e lugares de interese:

- A arquitectura da zona histórica da vila, na que sobresaen as obras do afamado arquitecto porriñés Antonio Palacios: Fonte do Cristo (1904), Botica Nova (1909) casa do Concello (1919-1924) e pavillón do Metropolitano de Madrid. Destaca tamén a casa da familia indiana Rodríguez – Bonín, coñecida no seu tempo como

“Villa Angelita” e hoxe como “Villa Florida”. Destacan tamén varios edificios eclécticos e historicistas.

- A arquitectura da zona rural, como o pazo de Correa Alemparte en Budiño ou as igrexas das parroquias.
- Espacios naturais: Gándaras de Budiño, Monte da Risca, Faro de Budiño, Castelo de Cans, etc.
- Miradoiros: Cabreiros en Chenlo



A nivel económico, o turismo non aporta importantes beneficios pero non se pode esquecer que serve de complemento ao sector máis importante que é sen dúbida, a industria. No Porriño contabilízanse oficinas de trece bancos e seis caixas de aforros, destes datos pódese deducir que a actividade económica é positiva, dando lugar a que novos empresarios pensen en colocar a súas empresas no Polígono ou comercios e servicios en xeral nesta zona.